

DECRETO NÚMERO 16005107 DO 28/06/2016

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto 16005022 do 23/06/2016 se resolveu aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo convocado polo Decreto nº 16003243 do 02/05/2016, para a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario na categoría de Oficial Electricista, fixando a data de constitución do Tribunal o xoves 30 de xuño de 2016, ás 9 horas no Salón de Comisión da Casa Consistorial.

Sendo preciso proceder a modificar a hora de constitución de dito Tribunal e tendo en conta o disposto no artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común; esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 15010037, de delegación de atribucións, ditado o 7-12-2015, **RESOLVE:**

Primeiro.- Modificar a hora de constitución do Tribunal cualificador, quedando fixada para o xoves 30 de xuño de 2016, ás 8,30 horas no Salón de Comisión da Casa Consistorial, mantendo vixentes as restantes disposicións do Decreto 16005022 do 23/06/2016.

Segundo.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime convinte ó seu dereito.